

**Execución de medidas xudiciais  
previstas na Lei orgánica 5/2000,  
do 12 de xaneiro, reguladora  
da responsabilidade penal dos  
menores**

**Memoria 2015**







© Xunta de Galicia. 2016 *Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal do menores. Memoria 2015*

**Elabora:**

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.  
Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia. Servizo de Xustiza Penal Xuvenil.

**Edita:**

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

URL: <https://libraria.xunta.gal>

**Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0**

**España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:**

[https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

**Maquetación:**

Antonio Lameiro Ces

**Execución de medidas xudiciais previstas  
na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro,  
reguladora da responsabilidade penal dos  
menores**

**Memoria 2015**



# Índice



<b>Introdución</b>	9
<b>1 Das medidas notificadas polos xulgados de menores</b>	
<b>1.1 Xeneralidades</b>	13
1.1.1 Resolucións notificadas, medidas impostas e persoas menores afectadas segundo os xulgados de menores	13
1.1.2 Comparación dos anos 2011, 2012 , 2013, 2014 e 2015 en relación coas medidas impostas nas resolucións notificadas. O seu incremento/diminución dende o ano 2011 ata o ano 2015	14
1.1.3 Poboación galega maior de 14 anos e menor de 18 (datos do empadramento municipal 2015 do INE)	14
1.1.4 Porcentaxe de persoas menores afectadas polas resolucións xudiciais notificadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, en relación coa poboación galega maior de 14 anos e menor de 18 (datos de empadramento municipal 2015 do INE)	15
1.1.5 Histórico das porcentaxes do número de persoas menores afectadas polas resolucións xudiciais notificadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en relación coa poboación galega maior de 14 anos e menor de 18, dende o ano 2011 ata o 2015	15
<b>1.2 Medidas de internamento versus medidas de medio aberto notificadas</b>	16
1.2.1 Segundo o xulgado de procedencia	16
1.2.2 Comparación dos anos 2011, 2012 , 2013, 2014 e 2015	17
1.2.3 Incrementos/diminucións anuais das medidas notificadas dende o ano 2011 ata o ano 2015	18
1.2.4 Persoas menores afectados/as (segundo o sexo) e cadro comparativo dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	18
1.2.5 Incrementos/diminucións anuais do número de persoas menores dende o ano 2011 ata o ano 2015	19





<b>1.3 Medidas de internamento notificadas. Datos estatísticos</b>	20
1.3.1 Segundo o tipo de medida e xulgado de procedencia	20
1.3.2 Segundo o tipo de medida e a provincia de xestión	21
<b>1.4 Medidas de medio aberto notificadas. Datos estatísticos</b>	22
1.4.1 Segundo o tipo de medida e xulgado de procedencia	22
1.4.2 Segundo o tipo de medida e a provincia de xestión	23
<b>1.5 Delitos e faltas: número de persoas menores implicadas na comisión de delitos e faltas. Número de medidas impostas</b>	24
1.5.1 Delitos	24
1.5.2 Faltas	27
<b>2 Das medidas en execución</b>	
<b>2.1 Xeneralidades</b>	29
2.1.1 Medidas en execución durante o ano 2015	29
2.1.2 Persoas menores que estiveron executando medidas no 2015	29
2.1.3 Cadro comparativo dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 (medidas e menores)	30
2.1.4 Incrementos/diminucións anuais do número de medidas e de menores 2011-2015	30
2.1.5 Comparación de medidas recibidas versus medidas en execución dende o ano 2011 ata o 2015	31
2.1.6 Custos de execución das medidas xudiciais	31
<b>2.2 Medidas de internamento e de medio aberto en execución</b>	32
2.2.1 Segundo a provincia de xestión	32
2.2.2 Comparación dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	33
2.2.3 Persoas menores afectadas segundo o sexo e a provincia de xestión	34
Cadro comparativo dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	34

<b>2.3 Medidas de internamento en execución. Datos estadísticos</b>	35
2.3.1 Segundo o tipo de medida e a provincia de xestión	35
2.3.2 Persoas menores que executaron medidas de internamento (segundo sexo e provincia de xestión)	36
2.3.3 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas de internamento nos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	36
2.3.4 Duración das medidas en execución	37
Dos internamentos preventivos e firmes	37
Das permanencias de fin de semana nun centro	37
2.3.5 Recursos para a execución das medidas de internamento	38
Cadro dos recursos existentes no ano 2015	38
2.3.6 Ocupación dos recursos de internamento	39
Ocupación media mensual dos centros (datos referidos ao último día de cada mes)	39
Comparación das ocupacións mensuais 2014-2015	39
2.3.7 Fugas e non retornos	41
Número de fugas e non retornos por centros	41
Comparación anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	41
2.3.8 Faltas comunicadas polos centros	41
Número e tipo de faltas por centro	41
Comparación anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	41
2.3.9 Custos da execución das medidas de internamento	43





<b>2.4 Medidas de medio aberto en execución. Datos estatísticos</b>	42
2.4.1 Segundo o tipo de medida e provincia de xestión	42
2.4.2 Persoas menores que executaron medidas de medio aberto (segundo sexo e provincia de xestión)	43
2.4.3 Cadro comparativo de menores que executaron medidas de medio aberto dende o ano 2011 ata o 2015	43
2.4.4 Duración das medidas en execución	44
Das medidas de medio aberto preventivas	44
Das permanencias de fin de semana no domicilio	44
Das prestacións en beneficio da comunidade	44
Das tarefas socioeducativas	44
Doutras medidas de medio aberto	44
2.4.5 Recursos para a execución das medidas de medio aberto	45
Recursos existentes no ano 2015	45
2.4.6 Ocupación dos recursos de medio aberto	49
Segundo o mes e o recurso	49
Segundo o recurso e tipo de medida	50
Cadro comparativo da ocupación media mensual dos recursos de medio aberto dende o ano 2011 ata o 2015	51
2.4.7 Custos de medio aberto ano 2015	52
<b>3 Das medidas pendentes de execución</b>	
<b>3.1 Xeneralidades</b>	53
3.1.1 Pendentes a finais do 2015, por provincia de xestión	53
3.1.2 Comparación cos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	53

<b>3.2 Medidas de internamento pendentes</b>	54
3.2.1 Segundo a provincia de xestión, o ano e o tipo de medida	54
3.2.2 Evolución das medidas pendentes de internamento non anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	55
<b>3.3 Medidas de medio aberto pendentes</b>	56
3.3.1 Segundo a provincia de xestión, o tipo de medida e o ano	56
3.3.2 Evolución das medidas pendentes de medio aberto anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015	57
<b>4 Datos sobre as persoas menores que estiveron executando medidas: idade, procedencia e lugar de residencia</b>	
<b>4.1 Idade do momento da comisión do delito</b>	59
4.1.1 Por provincia de xestión	59
4.1.2 Comparación dende o ano 2011 ata o 2015	59
<b>4.2 Idade durante a execución das medidas</b>	60
4.2.1 Comparación dende o ano 2011 ata o 2015	60
<b>4.3 Procedencia</b>	61
4.3.1 Segundo a orixe da persoa menor	61
4.3.2 Histórico da procedencia das persoas menores dende o ano 2011 ata o 2015	61
4.3.3 Segundo o xulgado de procedencia	62
<b>5 Actuacións no ano 2015</b>	63
<b>6 ANEXO I</b>	
<b>Resumo das actuacións realizadas no programa de obradoiros produtivos. Ano 2015</b>	65





# Introdución



A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM), regula a responsabilidade penal das persoas maiores de catorce anos e menores de dezaoto pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal o nas leis penais especiais. Esta lei foi obxecto de desenvolvemento regulamentario en virtude do Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo. As idades indicadas deben entenderse referidas ao momento da comisión dos feitos, sen que o feito de superalas no comezo do procedemento ou durante a súa tramitación teña relevancia para os efectos de aplicación da lei.

Trátase dunha norma que pon o acento nas funcións rehabilitadoras e reeducadoras máis que nas sancionadoras. Establece un catálogo de medidas de natureza sancionadora-educativa que, baseado no superior interese do menor, perseguen a integración e a reinserción social dos/as menores que delinquen.

As medidas susceptibles de seren impostas aos/ás menores, de acordo coa normativa reguladora, son as seguintes:

## 1 Medidas privativas de liberdade

- Internamento en réxime pechado. Os/as menores sometidos a esta medida residirán nun centro e desenvolverán neste todas as actividades formativas, educativas, laborais e de ocio. Só poden saír de forma esporádica, logo de autorización xudicial.
- Internamento en réxime semiabierto. As persoas menores sometidas a esta medida residirán nun centro, pero realizarán fóra del actividades formativas, educativas, laborais e de ocio.
- Internamento en réxime aberto. As persoas menores sometidas a esta medida levarán a cabo todas as actividades do proxecto educativo nos servizos normalizados do contorno (colexios, institutos, etc.), e residirán no centro como domicilio habitual, con suxeición ao seu programa e réxime interno.
- Internamento terapéutico en réxime pechado, semiabierto ou aberto. Nos centros desta natureza realízase unha atención educativa especializada ou tratamento específico dirixido ás persoas menores que padezan anomalías ou alteracións psíquicas, un estado de dependencia de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que determinen unha alteración grave da conciencia da realidade. Esta medida poderá aplicarse soa ou como complemento doutra medida. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz aplicaralle outra medida adecuada ás súas circunstancias.
- Estas medidas de internamento contarán con dous períodos: o primeiro cumprirse no centro correspondente e o segundo en réxime de liberdade vixiada.
- Permanencia de fin de semana. As persoas menores sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ou nun centro ata un máximo de trinta e seis horas entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo, a excepción do tempo que deban dedicar ás tarefas socioeducativas fixadas polo xuíz que deban levarse a cabo fóra do lugar de permanencia.



## 2 Medidas non privativas de liberdade.

- Tratamento ambulatorio. As persoas menores sometidas a esta medida deben asistir ao centro designado coa periodicidade requirida polos facultativos que os atendan e seguir as pautas fixadas para o adecuado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adicción ao consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que padezan. Esta medida poderá aplicarse soa ou como complemento doutra medida. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz aplicaralle outra medida adecuada ás súas circunstancias.
- Asistencia a un centro de día. As persoas menores sometidas a esta medida residirán no seu enderezo habitual e acudirán a un centro, plenamente integrado na comunidade, a realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio. Estes centros responden ao propósito de proporcionarlle á persoa menor un ambiente estruturado durante boa parte do día, no que se leven a cabo actividades socioeducativas que poidan compensar as carencias do seu ambiente familiar.
- Liberdade vixiada. Nesta medida a persoa menor está sometida, durante o tempo establecido na sentenza, a un seguimento da súa actividade, da súa asistencia á escola, centro de formación ou lugar de traballo, segundo os casos, procurando que adquira as habilidades, capacidades e actitudes necesarias que lle permitan superar os factores que determinaron a infracción cometida. A persoa sometida a esta medida queda obrigada a manter co profesional responsable da execución as entrevistas establecidas e a cumprir as regras de conduta impostas polo xuíz na sentenza.
- Prohibición de aproximarse ou comunicarse coa vítima o con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz. Esta medida impedirá á persoa menor achegarse ás persoas mencionadas, en calquera lugar onde estean, así como ao seu domicilio, centro docente, lugares de traballo e calquera outro que sexa frecuentado por eles. A prohibición de comunicarse coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impedirá ao/á menor establecer con elas, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual. Se esta medida implica a imposibilidade da persoa menor de continuar vivindo cos seus pais, titores ou gardadores, o Ministerio Fiscal deberá remitir testemuña dos particulares á entidade pública de protección do menor, e a dita entidade deberá promover as medidas de protección adecuadas ás circunstancias da persoa menor, conforme o disposto na Lei orgánica 1/1996.
- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. A persoa menor sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta á propia ou cun grupo educativo, adecuadamente seleccionados para orientar a persoa menor no seu proceso de socialización.
- Prestacións en beneficio da comunidade. A persoa sometida a esta medida, que non se poderá impoñer sen contar co seu consentimento, realizará as actividades non retribuídas que se lle indiquen, de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade. Procurárase relacionar a natureza das ditas actividades coa do ben xurídico lesionado .
- Realización de tarefas socioeducativas. A persoa sometida a esta medida debe levar a cabo actividades específicas de contido educativo encamiñadas a facilitarlle o desenvolvemento da súa competencia social.
- Amoestación. Esta medida consiste na repreensión do/a menor levada a cabo polo xulgado de menores e dirixida a facerlle comprender a gravidade dos feitos cometidos e as consecuencias que estes tiveron ou poderían ter tido, instándoo a non volver cometer tales feitos no futuro.
- Privación do permiso de conducir ciclomotores ou vehículos de motor, ou do dereito a obtelo, ou das licenzas administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas. Esta medida poderase impoñer como accesoria cando o delito ou falta se cometese utilizando un ciclomotor ou un vehículo de motor, ou unha arma.
- Inhabilitación absoluta. Esta medida produce a privación definitiva de todos os honores, empregos e cargos públicos sobre o que recaese, así como a incapacidade para obtelos, estes ou calquera outro e a de ser elixido para cargo público durante o tempo da medida.

Os xuíces de menores son competentes en primeira instancia para coñecer os feitos delituosos cometidos por menores e para resolver a responsabilidade civil derivada da comisión de ilícitos penais, e teñen o control da execución das medidas previstas na lei. Porén, o artigo 45 da LORPM establece que lles corresponde ás comunidades autónomas a competencia para a execución das medidas impostas polos xulgados de menores. Estas medidas levaranse a cabo, de acordo coas respectivas normas de organización, mediante a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas. Para estes efectos, a Comunidade Autónoma poderá establecer os correspondentes convenios ou acordos de colaboración con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, local ou doutras comunidades autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, baixo a súa directa supervisión e sen que iso supoña en ningún caso cesión da titularidade e da responsabilidade derivada da dita execución.

Na Comunidade Autónoma Galega, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social é o órgano que, en desenvolvemento das previsións legais anteriormente mencionadas, ten encomendada a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na LORPM, segundo se recolle no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Política Social.

O exercicio desta competencia organízase a través de dous grandes programas: o Programa de execución de medidas de internamento, no cal se xestionan as medidas privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, e o Programa de execución de medidas de medio aberto, no cal se xestionan as que non teñen tal carácter.

Esta memoria recolle os datos estatísticos de execución relativos ao ano 2015 e preséntase dividida en seis bloques:

**O primeiro bloque**, «Das medidas notificadas polos xulgados de menores», fai referencia ao número de resolucións xudiciais que tiveron entrada na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica durante o ano 2015, xa fosen remitidas polos xulgados de menores de Galicia ou por outros xulgados de menores do Estado. Proporciona información sobre o número total de novas medidas xudiciais recibidas, tanto de internamento coma de medio aberto, o número de persoas menores afectadas por estas resolucións ,e as infraccións penais que cometeron.

**O segundo bloque**, «Das medidas en execución», recolle o volume de traballo efectivo realizado durante o ano 2015 para a execución das medidas, tanto de internamento coma de medio aberto. Faise referencia tanto ao número de medidas executadas como a número de persoas menores afectadas. Enténdese por medidas en execución todas as que nalgún momento do ano estiveron en execución, tanto se a execución se iniciou neste ano o noutro anterior. Indícanse, así mesmo, os recursos empregados, o seu índice de ocupación e os custos da execución.

**O terceiro bloque**, «Das medidas pendentes de execución», constitúe o volume de medidas xudiciais que, logo de seren notificadas polos xulgados, están pendentes de execución.

**O cuarto bloque**, «Datos sobre as persoas menores que estiveron executando medidas: idade, procedencia e lugar de residencia», ofrece unha visión de conxunto sobre os e as persoas menores que estiveron executando medidas xudiciais durante este ano.

**O quinto bloque**, «Actuacións no ano 2015», dá información sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica neste período en relación cos recursos postos á disposición da execución das medidas de internamento e de medio aberto.





**O sexto bloque**, «Anexo I», é un resumo do desenvolvemento do Programa de traballo remunerado e formación ocupacional dos e das persoas menores infractores que cumpren unha medida de internamento nun centro. Este programa pretende garantir o dereito dos/as menores internados/as a unha formación laboral adecuada e a un traballo remunerado, de acordo co establecido no artigo 56 da LORPM.


# 1 Das medidas notificadas polos xulgados de menores

## 1.1 Xeneralidades

### 1.1.1 Resolucións notificadas, medidas impostas e persoas menores afectadas segundo os xulgados de menores

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
<b>Resolucións notificadas</b>	328	54	59	104	15	<b>560</b>
<b>Medidas impostas nas resolucións notificadas</b>	503	141	138	195	26	<b>1.003</b>
<b>Persoas menores afectadas polas resolucións notificadas</b>	301	72	80	115	17	<b>585*</b>

(\*) Dato depurado, xa que hai persoas menores afectadas por resolucións de distintos xulgados.



**Resolucións notificadas:** ditadas polos xulgados de menores que chegaron á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica durante o ano 2015.

**Medidas impostas:** medidas recollidas nas partes dispositivas das resolucións notificadas e que lle corresponde executar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. As liberdades vixiadas que conforman o 2º período dos internamentos foron computadas como medidas impostas xa que para os efectos de execución son medidas distintas.

**Persoas menores afectadas:** persoas menores ás que se lle impuxeron medidas nas resolucións notificadas.



No ano 2015 recibíronse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica 560 resolucións, nas que se impuxeron 1.003 medidas que afectaron a 585 menores, 140 mulleres e 445 homes (23,93% e 76,07% respectivamente)

O Xulgado de Menores da Coruña foi o que máis medidas notificou (58,57%) seguido, pero de lonxe, polo de Pontevedra (18,57%).

As medidas notificadas polos Xulgados de Menores de Lugo e Ourense supuxeron o 20,17%.

### 1.1.2 Comparación dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 en relación coas medidas impostas nas resolucións notificadas. O seu incremento/diminución dende o ano 2010 ata o ano 2014

#### - Número de medidas impostas nas resolucións notificadas

2011	2012	2013	2014	2015
1.514	1.394	1.216	1.041	1.003

#### - Incremento/diminución das medidas impostas nas resolucións notificadas en relación co ano anterior

Diminución 2011	Diminución 2012	Diminución 2013	Diminución 2014	Diminución 2015
-0,91%	-7,92%	-12,76%	-14,39%	-3,65%

### 1.1.3. Poboación galega maior de 14 anos e menor de 18 (datos do empadramento municipal 2015 do INE)

	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	TOTAL
A Coruña	8.818	8.463	8.438	8.445	<b>34.164</b>
Lugo	2.377	2.222	2.283	2.246	<b>9.128</b>
Ourense	2.109	2.111	2.068	2.194	<b>8.482</b>
Pontevedra	8.183	8.132	7.606	7.742	<b>31.663</b>
<b>Total</b>	<b>21.487</b>	<b>20.928</b>	<b>20.395</b>	<b>20.627</b>	<b>83.437</b>

**1.1.4 Porcentaxe de persoas menores afectadas polas resolucións xudiciais notificadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, en relación coa poboación galega maior de 14 anos e menor de 18 (datos do empadramento municipal 2015 do INE)**

- Ano 2015

Persoas Menores	Xulgados				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
<b>Poboación (14-17 anos)</b>					
	34.164	9.128	8.482	31.663	<b>83.437</b>
<b>Persoas menores afectadas por resolucións xudiciais</b>					
	301	72	80	115	<b>585*</b>
<b>% de persoas menores afectadas</b>					
	0,88%	0,78%	0,94%	0,36%	<b>0,70%</b>

(\*) Hai persoas menores afectadas por resolucións xudiciais de varios xulgados de menores de Galicia e de fóra de Galicia.

**1.1.5 Histórico das porcentaxes do número de persoas menores afectadas polas resolucións xudiciais notificadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en relación coa poboación galega maior de 14 anos e menor de 18, dende o ano 2011 ata o 2015**

	2011	2012	2013	2014	2015
<b>Poboación (14-17 anos)</b>					
	87.519	84.444	82.552	82550	<b>83.437</b>
<b>Persoas menores afectadas por resolucións xudiciais</b>					
	806	780	648	561	<b>585*</b>
<b>% de persoas menores afectadas</b>					
	0,92%	0,92%	0,78%	0,68%	<b>0,70%</b>






## 1.2 Medidas de internamento versus medidas de medio aberto notificadas

### 1.2.1 Segundo o xulgado de procedencia


Medida/Xulgado	Medidas de internamento	Medidas de medio aberto	Total
A Coruña	130	373	503
Lugo	50	91	141
Ourense	44	94	138
Pontevedra	60	135	195
<b>Total Galicia</b>	<b>284</b>	<b>693</b>	<b>977</b>
Outros	3	23	26
<b>Total</b>	<b>287</b>	<b>716</b>	<b>1.003</b>



Das 1.003 medidas notificadas durante o ano 2015, 287 corresponderon a internamentos (27,28% do total de medidas notificadas) e 716 a medidas de medio aberto (72,72% do total de medidas notificadas).

## 1.2.2 Comparación dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015

	2011	2012	2013	2014	2015
<b>Medidas de internamento</b>	415	390	357	284	<b>287</b>
<b>Medidas de medio aberto</b>	1.099	1.004	859	757	<b>716</b>
<b>Total</b>	<b>1.514</b>	<b>1.394</b>	<b>1.216</b>	<b>1.041</b>	<b>1.003</b>



No ano 2015 obsérvase unha tendencia á estabilidade no número das medidas notificadas con leve decaemento (5,4%) no relativo ás medidas de medio aberto.

En relación coa evolución das medidas de medio aberto notificadas nestes cinco anos obsérvase un descenso anual no número de medidas de medio aberto.

En relación coa evolución das medidas de internamento notificadas nestes cinco anos rexístrase unha diminución no número destas medidas, observándose unha estabilización nos dous últimos anos.



### 1.2.3 Incrementos/diminucións anuais das medidas notificadas dende o ano 2011 ata o ano 2015

	2011	2012	2013	2014	2015
<b>Medidas de internamento</b>					
	21%	-6%	-8,46%	-20,45%	<b>1,05</b>
<b>Medidas de medio aberto</b>					
	-7,33%	-8,64%	-14,44%	-11,87%	<b>-4,78%</b>
<b>Total</b>	<b>-0,91%</b>	<b>-7,92%</b>	<b>-12,76%</b>	<b>-14,39%</b>	<b>-3,65%</b>

No ano 2015 produciuse un descenso do **-3,65%** no número de medidas xudiciais notificadas con respecto ao ano 2014.



### 1.2.4. Persoas menores afectadas (segundo o sexo) e cadro comparativo dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015

	Homes	Mulleres	Total
Número de menores 2015	445	140	<b>585</b>

O número de homes aos que se lles impuxeron medidas xudiciais é moi superior ao de mulleres, cunha porcentaxe do 76,07% fronte ao 23,93 % de mulleres.

- **Cadro comparativo anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015**

	2011	2012	2013	2014	2015
<b>Número de persoas menores</b>					
	806	780	648	<b>561</b>	<b>585</b>




### 1.2.5 Incrementos/diminucións anuais do número de persoas menores dende o ano 2011 ata o ano 2015

2011	2012	2013	2014	2015
-3,24%	-3,22%	-17%	-13,43%	4,27%

No seguinte cadro recóllese o número de persoas menores dadas de alta por primeira vez no Sistema de xestión de menores infractores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en relación co número total de persoas menores afectadas por resolucións xudiciais dende o ano 2011 ata o 2015.

	2011	2012	2013	2014	2015
<b>Número total de persoas menores afectadas por resolucións xudiciais</b>	806	780	648	561	585
<b>Número de persoas menores dadas de alta por primeira vez no Sistema de xestión de menores infractores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</b>	545	514	403	349	332
	67,62%	65,90%	62,19%	62,21%	56,75%






### 1.3 Medidas de internamento notificadas. Datos estatísticos

#### 1.3.1 Segundo o tipo de medida e xulgado de procedencia

Medida/Xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
I. pechado preventivo	1	2	0	5	0	8
I. semiaberto preventivo	8	4	2	5	0	19
I. aberto preventivo	0	0	4	0	0	4
I. terapéutico pechado preventivo	0	1	0	1	0	2
I. terapéutico semiaberto preventivo	1	7	0	1	0	9
I. terapéutico aberto preventivo	0	0	0	0	0	0
<b>Total internamentos preventivos</b>	<b>10</b>	<b>14</b>	<b>6</b>	<b>12</b>	<b>0</b>	<b>42</b>

Medida/Xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
I. pechado	7	1	2	2	0	12
I. semiaberto	56	16	7	31	2	112
I. aberto	5	3	2	0	0	10
Permanencia fin de semana en centro	39	1	26	12	1	79
I. terapéutico pechado	0	1	0	1	0	2
I. terapéutico semiaberto	13	14	1	2	0	30
I. terapéutico aberto	0	0	0	0	0	0
<b>Total internamento con sentenza firme</b>	<b>120</b>	<b>36</b>	<b>38</b>	<b>48</b>	<b>3</b>	<b>245</b>

<b>Total internamento preventivos e firmes</b>	<b>130</b>	<b>50</b>	<b>44</b>	<b>60</b>	<b>3</b>	<b>287</b>
------------------------------------------------	------------	-----------	-----------	-----------	----------	------------




### 1.3.2 Segundo o tipo de medida e a provincia de xestión

Medida/Provincia xestión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
I. pechado preventivo	1	2	0	5	8
I. semiaberto preventivo	8	3	2	6	19
I. aberto preventivo	0	0	4	0	4
I. terapéutico pechado preventivo	0	1	0	1	2
I. terapéutico semiaberto preventivo	1	6	1	1	9
I. terapéutico aberto preventivo	0	0	0	0	0
<b>Total internamentos preventivos</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>7</b>	<b>13</b>	<b>42</b>

Medida/Provincia xestión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
I. pechado	7	2	1	2	12
I. semiaberto	58	16	5	33	112
I. aberto	5	3	2	0	10
Permanencia fin de semana en centro	38	9	18	14	79
I. terapéutico pechado	0	1	0	1	2
I. terapéutico semiaberto	11	13	2	4	30
I. terapéutico aberto	0	0	0	0	0
<b>Total internamento con sentenza firme</b>	<b>119</b>	<b>44</b>	<b>28</b>	<b>54</b>	<b>245</b>

<b>Total internamento preventivos e firmes</b>	<b>129</b>	<b>56</b>	<b>35</b>	<b>67</b>	<b>287</b>
------------------------------------------------	------------	-----------	-----------	-----------	------------






## 1.4 Medidas de medio aberto notificadas. Datos estadísticos

### 1.4.1 Segundo o tipo de medida e o xulgado de procedencia

Medida/Xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
Liberdade vixiada preventiva	1	3	1	6	0	11
Convivencia preventiva	0	0	0	0	0	0
Prohibición de aproximarse ou comunicarse	0	0	0	1	0	1
<b>Total medidas preventivas</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>7</b>	<b>0</b>	<b>12</b>

Medida/Xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
Liberdade vixiada 2.º período	80	31	19	23	5	158
Liberdade vixiada	167	27	39	40	10	283
Convivencia con outra persoa...	1	0	0	0	0	1
Asistencia a centro de día	0	8	1	3	0	12
Permanencia fin de semana no domicilio	3	1	0	0	0	4
Tratamento ambulatorio	7	3	2	5	0	17
Prestación en beneficio da comunidade	11	7	20	20	5	63
Tarefas socioeducativas	99	9	12	33	3	156
Prohibición de aproximarse ou comunicarse	4	2	0	4	0	10
Amoestación	0	0	0	0	0	0
Privación do permiso de conducir ou de armas	0	0	0	0	0	0
Inhabilitación absoluta	0	0	0	0	0	0
<b>Total medio aberto con sentenza firme</b>	<b>372</b>	<b>88</b>	<b>93</b>	<b>128</b>	<b>23</b>	<b>704</b>

<b>Total medidas medio aberto preventivas e firmes</b>	<b>373</b>	<b>91</b>	<b>94</b>	<b>135</b>	<b>23</b>	<b>716</b>
--------------------------------------------------------	------------	-----------	-----------	------------	-----------	------------




## 1.4.2 Segundo o tipo de medida e a provincia de xestión

Medida/Xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Liberdade vixiada preventiva	1	2	2	6	11
Convivencia preventiva	0	0	0	0	0
Prohibición de aproximarse ou comunicarse	0	0	0	1	1
<b>Total medidas preventivas</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>7</b>	<b>12</b>

Medida/Xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Liberdade vixiada 2.º período	86	31	14	27	158
Liberdade vixiada	167	35	39	42	283
Convivencia con outra persoa...	0	1	0	0	1
Asistencia a centro de día	0	8	1	3	12
Permanencia fin de semana no domicilio	3	1	0	0	4
Tratamento ambulatorio	6	3	2	6	17
Prestación en beneficio da comunidade	17	8	17	21	63
Tarefas socioeducativas	102	11	8	35	156
Prohibición de aproximarse ou comunicarse	4	2	0	4	10
Amoestación	0	0	0	0	0
Privación do permiso de conducir ou de armas	0	0	0	0	0
Inhabilitación absoluta	0	0	0	0	0
<b>Total medio aberto con sentenza firme</b>	<b>385</b>	<b>100</b>	<b>81</b>	<b>138</b>	<b>704</b>

<b>Total medidas medio aberto preventivas e firmes</b>	<b>386</b>	<b>102</b>	<b>83</b>	<b>145</b>	<b>716</b>
--------------------------------------------------------	------------	------------	-----------	------------	------------





## 1.5 Delitos e faltas: número de persoas menores implicadas na comisión de delitos e faltas, número de medidas impostas

### 1.5.1 Delitos

Delitos	Número de persoas menores implicadas	Número de medidas impostas
<b>1 – Homicidios e as súas formas</b>		
Homicidio art. 138	1	3
Provocación de aborto art. 144 a 146	0	0
Homicidio imprudente art. 142	0	0
Asasinato art. 139	0	0
Indución e cooperación ao suicidio art. 143	0	0
Homicidio e as súas formas	0	0
<b>2 – Lesións e malos tratos</b>		
Lesións por imprudencia grave art. 152	0	0
Malos tratos art. 153	8	8
Rifa tumultuaria art. 153	0	0
Lesións art. 147 - 151	61	84
Malos tratos no ámbito familiar art. 173	55	86
Lesións e malos tratos	4	8
<b>3 – Contra a liberdade e a honra das persoas</b>		
Ameazas art. 169	9	11
Detención ilegal e secuestro art. 163 - 166	1	1
Coaccións art. 172	4	8
Calumnias ou inxurias art. 205 - 210	0	0
Contra a liberdade e a honra das persoas	7	11
<b>4 – Contra a liberdade sexual</b>		
Agresión sexual art. 178	3	3
Acoso sexual art. 184	0	0
Abuso sexual art. 181	7	12
Violación art. 179	0	0
Difusión de pornografía infantil art. 189	0	0
Contra a liberdade sexual	2	3
<b>5 – Omisión da obriga de socorro</b>		
Omisión da obriga de socorro art. 195	0	0
<b>6 – Contra o patrimonio</b>		
Furto art. 234	20	41
Furto de uso art. 236	5	5
Roubo e furto de uso de vehículo a motor art. 244	14	15

Roubo con forza nas cousas art. 238	62	100
Estafa art. 248	1	1
Roubo con violencia ou intimidación nas persoas art. 242	97	159
Apropiación indebida art. 252	3	3
Uso ilegal de terminal de comunicacións art. 256	0	0
Receptación art. 298	6	6
Danos art. 263	21	22
Contra o patrimonio	1	1
<b>7 – Contra a seguridade colectiva</b>		
Estragos art. 346	0	0
Incendios art. 351	0	0
Incendios forestais art. 352 - 355	0	0
Contra a seguridade colectiva	0	0
<b>8 – Das falsidades</b>		
Falsidade en documento público ou privado art. 390 - 399	1	1
Falsificación de moeda art. 386	0	0
Posesión e distribución de moeda falsa art. 386	0	0
Falsidades	0	0
<b>9 – Contra a Administración de xustiza</b>		
Quebrantamento da medida art. 468	25	34
Encubrimento art. 451	0	0
Acusación e denuncias falsas art. 456	0	0
Simulación de delitos art. 457	3	3
Falsa testemuña art. 458/460	0	0
Incomparecencia a xuízo con reo en prisión art. 468	0	0
Uso da violencia ou intimidación sobre denunciante ou testemuña art. 464	1	1
Fuga art. 462	0	0
Axuda á evasión art. 470	0	0
Contra a Administración de xustiza	3	3
<b>10 – Contra a orde pública</b>		
Atentado contra a autoridade, axentes e funcionarios públicos art. 550	26	38
Posesión de explosivos art. 568	0	0
Posesión de armas art. 563	0	0
Resistencia e desobediencias graves art. 556	1	2
Desorde pública art. 557	3	3
Falsa ameaza de bomba art. 561	1	1





Colaboración con banda armada art. 571/576	0	0
Terrorismo art. 571 - 573	0	0
Contra a orde pública	0	0
<b>11 – Contra o patrimonio histórico</b>		
Contra o patrimonio histórico artístico art. 325 - 337	0	0
<b>12 – Contra a intimidade, a propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio</b>		
Descubrimento e revelación de segredos art. 197 - 201	1	1
Violación do domicilio art. 202 - 203	0	0
Contra a intimidade, a propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio	2	2
<b>13 – Contra a propiedade intelectual e industrial</b>		
Contra a propiedade intelectual e industrial art. 270 - 277	1	1
<b>14 – Contra o medio ambiente, fauna e flora</b>		
Contra o medio, a fauna e a flora art. 325 - 337	0	0
<b>15 – Contra a saúde pública</b>		
Cultivo, elaboración e tráfico de drogas art. 368	1	1
Contra a saúde pública	3	3
<b>16 – Contra a seguridade do tráfico</b>		
Conducir baixo a influencia de drogas ou bebidas alcohólicas art. 379	0	0
Condución temeraria art. 381/384	1	2
Contra a seguridade no tráfico	24	34
<b>17 – Contra o exercicio dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas</b>		
Provocar discriminación, odio ou violencia por motivos raciais art. 510	0	0
Reunión ou manifestación ilícita art. 514	0	0
Pertenza a asociación ilícita art. 515	0	0
Ofensa aos símbolos ou emblemas do Estado art. 543	1	1
Contra o exercicio dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas	0	0

Os tres delitos máis comúns cometidos por menores foron:

1. Roubo con violencia ou intimidación nas persoas
2. Roubo con forza nas cousas
3. Malos tratos no ámbito familiar

## 1.5.2 Faltas <sup>1</sup>

Faltas	Número de persoas menores implicadas	Número de medidas impostas
<b>1 – Contra as persoas</b>		
Maltrato art. 617	14	15
Ameazas art. 620.2	19	21
Inxurias art. 620.2	0	0
Vexacións art. 620.2	8	8
Lesións art. 617	79	88
Imprudencias con resultado de lesións ou morte art. 621	0	0
Coaccións art. 620.2	1	1
Contra as persoas	0	0
<b>2 – Contra intereses xerais</b>		
Tráfico de moeda falsa art. 629	0	0
Abandono de xiringas e instrumentos perigosos art. 630	0	0
Indebida custodia de animais perigosos art. 631	0	0
Maltrato de animais domésticos art. 632	0	0
Contra os intereses xerais	0	0
<b>3 – Contra a orde pública</b>		
Desobediencia á autoridade art. 634	3	3
Perturbación leve da orde pública art. 633	0	0
Contra a orde pública	0	0
<b>4 – Contra o patrimonio</b>		
Furto art. 631.3	85	95
Subtracción de vehículo de motor art. 623.3	2	2
Estafa art. 623.4	1	1
Apropiación indebida art. 623.4	8	8
Deslucimento de bens inmoables art. 626	6	7
Danos art. 625	8	9
Contra o patrimonio	0	0

En relación coas faltas as máis frecuentes son as de lesións, furtos e ameazas.

<sup>1</sup> Tendo en conta que o 01.07.2015 entrou en vigor a Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que suprime as faltas e as que quedan se regulan como delitos leves, subsiste na memoria 2015 a clasificación entre delitos e faltas.






## 2 Das medidas en execución

### 2.1 Xeneralidades



#### 2.1.1 Medidas en execución durante o ano 2015

Núm. medidas/Provincia de xestión	Medidas que estiveron en execución
A Coruña	<b>591</b>
Lugo	<b>205</b>
Ourense	<b>141</b>
Pontevedra	<b>253</b>
<b>Total</b>	<b>1.190</b>



#### 2.1.2 Persoas menores que estiveron executando medidas no 2015


Núm. medidas/Provincia de xestión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<b>Homes</b>					
	273	85	73	123	<b>554</b>
<b>Mulleres</b>					
	111	26	22	27	<b>186</b>
<b>Total</b>	<b>384</b>	<b>111</b>	<b>95</b>	<b>150</b>	<b>740</b>





### 2.1.3 Cadro comparativo dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 (medidas e persoas menores)

	2011	2012	2013	2014	2015
<b>Medidas executadas</b>	1.583	1.562	1.443	1.258	<b>1.190</b>
<b>Persoas menores afectadas</b>	1.009	1.001	909	775	<b>740</b>




### 2.1.4 Incrementos/decaementos anuais do número de medidas e de menores 2011-2015

	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015
<b>Medidas executadas</b>	<b>-21</b>	<b>-119</b>	<b>-185</b>	<b>-68</b>
	-1,33%	-7,62%	-12,82%	-5,41%
<b>Persoas menores afectadas</b>	<b>-8</b>	<b>-92</b>	<b>-134</b>	<b>-35</b>
	-0,79%	-9,19%	-14,74%	-4,52%

## 2.1.5 Comparación de medidas recibidas versus medidas en ejecución desde o ano 2011 ata o 2015

	Notificadas	Executadas
2011	1.514	1.583
2012	1.394	1.562
2013	1.216	1.443
2014	1.041	1.258
2015	1.003	1.190



## 2.1.6 Custos de execución das medidas xudiciais


Custos ano 2015	
<b>Custos de medio aberto</b>	
	1.290.725,79 €
<b>Custos de internamento</b>	
Custos dos centros	9.274.071,11 €
Custo para a organización do traballo remunerado e a formación ocupacional de menores infractores internados en centros	162.000,00 €
<b>Total</b>	<b>10.726.796,90 €</b>



## 2.2 Medidas de internamento e de medio aberto en execución.


### 2.2.1 Segundo a provincia de xestión

